

Acta da Comisión de Calidade do día 25 de Abril de 2014

Asistentes:

Araujo Figueroa, Isaac
De Vicente Remesal, Javier
Dorribo Rivera, José Miguel
Fernández Docampo, Belen
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Domínguez, M^a Mar

Excusan a súa asistencia: Esther González Pillado, Jaime Aneiros Pereira, Jaime Cabeza Pereiro, M. Antonia Arias Martínez, Ramón Jáudenes

Da comezo a reunión ordinaria sendo as 12:45 da mañá tras conseguir o Quórum co seguinte Orde do día:

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior

Segundo.- Informes da Decana

Terceiro.- Aprobación, se procede do Informe definitivo de Seguimento do Grao en Dereito do curso 2012-13

Cuarto.- Aprobación, se procede, do informe anual do centro 2012-13

Quinto.- Aprobación, se procede, dos informes de coordinación dos graos do curso 2012-13

Sexto.- Rolda aberta de intervencións

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior

Apróbase a acta por asentimento

Segundo.- Informes da Decana

No segundo punto, a Decana explica que tomou posesión como nova Secretaria do Centro, Dna. Carmen Ruiz. Encoméndase a misión de estudar as normativas e procedementos do centro

Cede a palabra a D. Miguel Dorribo para explicar como estase a revisar o manual de calidade. D. Miguel Dorribo explica que algúns procedementos se simplificaron, incídese na coordinación entre Administración e Servizos e calidade xa que existen duplicidades, e trabállase na actualización do manual xa que era demasiado denso.

Neste senso, verase afectada a composición da comisión de calidade onde haberá un representante de cada un dos graos e dos másteres. O problema é quen é o representante da CGIC nas Comisións Académicas dos Másteres, xa que non queda claro no Manual.

Terceiro.- Aprobación, se procede do Informe definitivo de Seguimento do Grao en Dereito do curso 2012-13

A Decana informa dos antecedentes de como se elaborou o informe provisional e se aprobou en comisión de calidade o día 31 de Outubro e posteriormente en Xunta de Centro. O informe definitivo pasa por unha comisión permanente porque se delegaron competencias da Xunta de Facultade. No informe provisional, que ten que ser común para o grao en Vigo e en Ourense, propónse como proposta de mellora a dobre titulación ADE-Dereito só en Vigo e non en Ourense. Posteriormente, tras corrixir aspectos técnicos, é aprobado o informe final en Vigo. Na Facultade de Ourense, sen embargo, se propón un novo plan de melloras exclusivo para Ourense onde recollen tamén a dobre titulación, co agravamento de que dita aprobación produciuse *fora de prazo*, polo que a situación resultante e que os informes aprobados en Vigo e en Ourense non coinciden. Ante esta situación o Vicerreitorado decide non enviar a ACSUG o autoinforme do grao en Dereito.

O 5 de Marzo recibíuse no centro unha carta do vicerreitor, que da lectura a decana, no que se pide que sexa retrotraído o procedemento ao momento anterior á aprobación do informe polas Xuntas de Centro, consensuando una nova redacción do plano de melloras incorporando a dobre titulación en Ourense.

A partires de este momento, ábrese un turno de debate para expresar opinións al respecto. Así a Decana opina que o informe debe reflectir si a implantación do título axústase a memoria. Neste senso a idea inicial recollida na memoria é a de ofrecer dúas titulacións en dereito con perfís especializados, polo que o dobre grao vai en contra do perfil do título en Ourense. D. Miguel Dorribo recalca que o informe de seguimento é importante para o futuro da titulación e entende que a proposta de mellora é relevante e debería aparecer no informe. Finalmente, a decana propón deixar o informe como está e non propoñer á Xunta de Facultade ningunha modificación ao Informe de Seguimento xa aprobado pola Comisión Permanente o pasado 10 de Decembro polas seguintes razóns:

Enténdese que o informe anual de seguimento debe reflectir fielmente a realidade da marcha da titulación, mediante a análise de distintos indicadores, a detección de boas prácticas e de posibles deficiencias e a inclusión de accións de mellora. Este informe elabórase nun momento de tempo determinado, que é ao finalizar un curso académico, neste caso o curso 12-13.

Ao finalizar o curso 12-13, a Facultade de Ciencias Xurídicas de Vigo conxuntamente coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo aprobaron nas súas respectivas Xuntas de Centro unha declaración de intencións de poñer en marcha unha simultaneidade de estudos ADE-Dereito no Campus de Vigo e por iso recóllese como unha Proposta de Mellora no informe de seguimento da Titulación, se ben exclusivamente para o campus de Vigo.

Nese período, a Facultade de Dereito-Ourense non aprobou ningunha declaración de intencións de poñer en marcha unha simultaneidade de estudos na súa Xunta de Centro do que se deduce que, nese momento de tempo onde se estaba a reflexionar sobre as propostas de mellora para o curso seguinte, non se estaba a ter en conta a devandita acción. Polo tanto, a inclusión dunha nova proposta de mellora con posterioridade á elaboración e aprobación do informe non ten sentido xa que non reflicte a realidade da marcha da titulación e non se refire a ningunha omisión que se tivese podido cometer.

Agora ben, a aprobación dun Plan de Melloras non implica que non poidan ser realizadas outras non recollidas e planificadas no seu momento pero que os diferentes órganos de goberno as

consideran oportunas, polo que a non inclusión da simultaneidade en Ourense como proposta de mellora non afecta á decisión da súa implantación. Neste caso, debe entenderse que é unha mellora do curso 13-14 e é posible recollelo no informe 13-14 para implantalo no 14-15 como é a súa previsión.

Cuarto.- Aprobación, se procede, do informe anual do centro 2012-13

Apróbase por asentimento

Quinto.- Aprobación, se procede, dos informes de coordinación dos graos do curso 2012-13

Apróbanse por asentimento

Sexto.- Rolda aberta de intervencións

A Decana suxire que para que o PAS teña representación nesta comisión, debería substituír a Henrique Macías por Paula Ramil.

Outra idea que suxire a decana é dar a coñecer os procedementos de calidade a todo o profesorado.

Sen máis puntos que tratar, levántase a sesión a 14.20 do día sinalado, do que dou fe como secretaria.

A Secretaria

M^a del Mar Rodríguez Domínguez